

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE (SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE) E A FEDERACIÓN POLA IGUALDADE DAS MULLERES DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (FEMUPO), PARA A O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE CONCIENCIACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOBRE A VIOLENCIA DE XÉNERO INCLUÍDAS NO PROXECTO *MULLERES EN CONSTRUCCIÓN II*

REUNIDOS

Dunha banda, M^a Jesús Lorenzana Somoza, Conselleira de Emprego e Igualdade, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, a Federación pola Igualdade das Mulleres da Provincia de Pontevedra-FEMUPO NIF G-94200326 representada por María Raquel Touriño Casal que actúa en nome e representación da mesma en virtude da súa condición Presidenta, de acordo co nomeamento outorgado segundo o disposto no artigo 24 dos seus estatutos, na elección da Asemblea Xeral celebrada o 14 de novembro de 2020.

Todas as partes recoñécense a súa capacidade para obrigarse e conveniar e,

EXPOÑEN

Primeiro

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia (Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril), e nos Reais Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro.

Segundo

Que a Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á



promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de Autonomía de Galicia, no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, e na demais lexislación aplicable na materia.

Terceiro

Que a violencia que nas súas distintas formas se exerce contra as mulleres supón un serio atentado contra a dignidade e a integridade física, psíquica e moral destas e, en consecuencia, unha grave e intolerable violación dos dereitos humanos.

Cuarto

Constitúe o obxecto da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero a adopción de medidas integrais para a sensibilización, prevención e tratamento da violencia de xénero, así como a protección e apoio ás mulleres que a sofren.

Ademais, os principios xerais de dita lei inciden na importancia da prevención da violencia a través da sensibilización así como a través da cooperación e coordinación tal e como sinala o artigo 4 da lei: os poderes públicos galegos intensificarán as accións para a cooperación e coordinación interinstitucional dos recursos e instrumentos contra a violencia de xénero, promovendo a colaboración e a participación das asociacións de mulleres.

Quinto

Que o artigo 7.2 da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, establece que o departamento competente en materia de Igualdade establecerá axudas económicas destinadas a que o movemento asociativo en Galicia desenvolva actividades que promovan a prevención e a erradicación da violencia de xénero.



Sexto

Que a Federación pola Igualdade das Mulleres da Provincia de Pontevedra (FEMUPO), constituíuse coa finalidade de dar apoio e visibilidade a todas as asociacións de mulleres da provincia de Pontevedra que o precisen. É unha organización de natureza asociativa e sen ánimo de lucro constituída ao abeiro da Lei 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Sétimo

Que a Federación pola Igualdade das Mulleres da Provincia de Pontevedra (FEMUPO), ten entre os seus fins a defensa das liberdades, os dereitos e os intereses das mulleres e dos/das menores, a denuncia expresa de toda discriminación cara á muller e os/as menores polo feito de selo, a defensa e apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero e aos fillos e fillas, así como a defensa das reivindicacións e propostas sobre a igualdade de oportunidades.

Oitavo

Que, pola súa dimensión e capacidade de chegar a un importante número de mulleres da provincia de Pontevedra, pola súa experiencia e recoñecemento como entidade que traballa a favor da igualdade entre homes e mulleres, a Federación pola Igualdade das Mulleres da Provincia de Pontevedra (FEMUPO), reúne as condicións para o desenvolvemento de actuacións de concienciación e sensibilización sobre a violencia de xénero, programa que non pode asumir outra asociación destas características en Galicia por ser FEMUPO a única asociación existente na provincia de Pontevedra que reúne a experiencia precisa.

Noveno

Que a concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionalar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese



prioritario é a concienciación e sensibilización sobre a violencia de xénero así como a loita contra esta lacra social.

Por todo o indicado, todas as partes acordan formalizar o presente Convenio de Colaboración, que se rexerá conforme ao disposto nas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade

O obxecto deste Convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, e a Federación pola Igualdade das Mulleres da Provincia de Pontevedra (FEMUPO), para o desenvolvemento do proxecto *Mulleres en Construción II* que se centra en analizar e atopar solucións para rematar coa violencia de xénero en todos os ámbitos da provincia de Pontevedra a través de accións de visibilización, formación e sensibilización así como actividades de empoderamento feminino.

SEGUNDA.-Compromisos das partes

a) A Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, comprométese a facilitar o material informativo e de sensibilización a prol da eliminación da violencia de xénero que precise a Federación pola Igualdade das Mulleres da Provincia de Pontevedra (FEMUPO), así como a poñer á súa disposición persoal técnico especializado para a coordinación conxunta de actuacións de apoio ás vítimas da violencia de xénero.

b) A Federación pola Igualdade das Mulleres da Provincia de Pontevedra (FEMUPO) comprométese a desenvolver as actuacións para contribuír a igualdade de oportunidades e lograr unha concienciación e sensibilización sobre a violencia de xénero, tales como: + Ciencia en femenino, II xornadas xurídicas VIOGEN, campaña contra a violencia de xénero nas redes sociais, Formación Femupo Contigo, entre outras.

TERCEIRA.- Financiamento

Para sufragar os gastos derivados do presente convenio, a Secretaría Xeral da



Igualdade aboará a Federación pola Igualdade das Mulleres da Provincia de Pontevedra (FEMUPO), a cantidade total de 20.000 € (vinte mil euros) con cargo á aplicación orzamentaria 11.02.313D.481.0 (código de proxecto 2012 00931) dos orzamento xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

O financiamento deste Convenio enmárcase nos fondos da Conferencia Sectorial de Igualdade, correspondentes á Comunidade Autónoma de Galicia.

CUARTA.- Xustificación e Pagamento

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase a través de conta xustificativa nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, mediante a presentación da seguinte documentación:

- **Memoria de actuación**, suscrita polo órgano competente da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas, número de persoas participantes/usuarias de cada unha delas, datas e lugares de realización , e dos resultados obtidos.
- Un **exemplar de todos os materiais** que se elaborasen ao abeiro do convenio, nos que deben figurar os logos da Secretaría Xeral da Igualdade e do Ministerio de Igualdade.
- **Certificación** expedida polo órgano competente da entidade, dos gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pagamento.
- **Facturas, nóminas** ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Acompañarase unha declaración asinada polo órgano competente da entidade indicando que as facturas orixinais están en poder da entidade.

Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que conleven



ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considerárase xustificadas coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) no que se reflicta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a entidade obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidez nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso a dita presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da vixencia deste convenio.

- **Declaración responsable** de non ter solicitado ou percibido outras axudas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
- **Declaración responsable** de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideráranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada.

A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados **entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 15 de decembro de 2021, e deberá presentarse na Secretaría Xeral da Igualdade con data límite do 17 de decembro de 2021.**

Á vista desta documentación a Subdirección Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero, como órgano competente da Secretaría Xeral da Igualdade Consellería de Emprego e Igualdade, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.



Se o importe xustificado fose menor á previsto na cláusula terceira deste convenio e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención na contía que sexa obxecto de xustificación.

A Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

QUINTA.- Pagamentos a conta

Poderanse realizar pagamentos a conta por un importe de ata o 80% do importe da subvención conforme ao artigo 62 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo da execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para proceder ao seu pagamento, a entidade deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula cuarta, agás a memoria de actuación.

De acordo co establecido no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación cos artigos 62.3 e 67 do mesmo corpo legal, quedan exonerados da constitución de garantías os beneficiarios e as beneficiarias de subvencións con cargo aos créditos orzamentarios correspondentes ao capítulo IV, transferencias correntes, destinados a familias e institucións sen fins de lucro.

SEXTA.- Tramitación na sede electrónica da Xunta de Galicia

A documentación relativa á tramitación deste convenio de colaboración presentarase por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para estes efectos empregarase o procedemento PR004A, que ten por obxecto a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico establecido na normativa reguladora de cada procedemento nin cun modelo electrónico normalizado.



Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

SÉTIMA.- Notificacións

As notificacións practícaranse por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil facilitados pola entidade. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.



Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

OITAVA.- Obrigas

No desenvolvemento das actuacións sinaladas neste convenio a Federación pola Igualdade das Mulleres da Provincia de Pontevedra (FEMUPO), adquire os seguintes compromisos e obrigas, sen prexuízo das demais obrigas que resulten da normativa aplicable:

- a) Desenvolver as actuacións recollidas na cláusulas primeira e segunda deste convenio, e que constitúen o seu obxecto, e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.
- b) Non percibir ningunha remuneración por parte das persoas usuarias destes programas, e facer constar en toda a publicidade ou presentación pública que se realice a colaboración técnica e financeira que presta a Secretaría Xeral da Igualdade e o Ministerio de Igualdade, utilizando correctamente a identificación da Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade e do Ministerio citado.
- c) A facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- d) A cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria ou entidade colaboradora establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e tamén deberá cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei e na Lei 38/2003, de 17 novembro, xeral de subvencións.
- e) A comunicarlle á Secretaría Xeral da Igualdade calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional.



f) A reintegrar a subvención percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

g) A subministrar á Secretaría Xeral da Igualdade, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Consellería de Emprego e Igualdade, das obrigas previstas no Título I da citada lei. O incumprimento desta obriga determinará, se é o caso, a imposición das multas coercitivas previstas no número 4 do citado artigo.

NOVENA.- Compatibilidade

Esta axuda é incompatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

DÉCIMA.-Duración

O presente Convenio terá vixencia dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2021.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto e a Consellería de Emprego e Igualdade (Secretaría Xeral da Igualdade) de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a este departamento ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria.

DÉCIMO SEGUNDA.-Modificación, revogación e reintegro

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.



Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Ao abeiro do artigo 14.1n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

1. O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionados ou da obriga da xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
2. Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga da xustificación, e dará lugar a perda do dereito ao cobramento ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desestamento pola outra parte, procederase á súa inmediata disolución. Concorridos tales supostos reintegrárase ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos mais perentorios que esta dispuxese.



Será causa de extinción deste Convenio

- a) O incumprimento inxustificado, total ou parcial, dos compromisos establecidos.
- b) O mutuo acordo, que deberá ser motivado e manifestado por escrito antes da finalización do Convenio.
- c) A desaparición das causas que motivaron a sinatura do Convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- Protección de datos

En cumprimento dos artigos 29 e 30 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consejo de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas en canto ao tratamento de datos persoais e a la libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de protección de datos), a entidade Federación pola Igualdade das Mulleres da Provincia de Pontevedra (FEMUPO), en calidade de encargada do tratamento, realizará actividades de tratamento por conta da Consellería de Emprego e Igualdade (Secretaría xeral da Igualdade) en calidade de Responsable do tratamento, respecto aos datos de carácter persoal necesarios para a execución do presente convenio.

Así mesmo adaptarán as súas actuacións ao previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como nas demais disposicións vixentes sobre a materia.

O tratamento de datos consistirá nas actividades necesarias para xestionar o presente convenio.

DÉCIMO CUARTA.- Publicidade

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informarán na páxina web oficial da dita subscripción cos seguintes datos básicos:



identificación das partes que interveñen, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso da/o beneficiaria/o a favor da Administración concedinte, para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicidade.

Por outra banda, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións

DÉCIMO QUINTA.- Réxime xurídico do Convenio

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no artigo 6.1.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Consellería de Emprego e Igualdade, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo,



reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Consellería de Emprego e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento da súa execución ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos do mesmo que poidan xurdir, créase unha comisión mixta, que estará integrada por:

- Pola Consellería de Emprego e Igualdade: A secretaria xeral da Igualdade, que poderá dispor que a substitúa algún/ha funcionario/a desa Secretaría.
- pola Federación pola Igualdade das Mulleres da Provincia de Pontevedra (FEMUPO), a súa presidenta ou persoa que esta dispoña para que a substitúa.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

E, en proba de conformidade cos termos do Convenio, asíñase o mesmo na data da sinatura dixital.

A CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE

A PRESIDENTA DA FEDERACIÓN POLA
IGUALDADE DAS MULLERES DA PROVINCIA
DE PONTEVEDRA (FEMUPO)

María Jesús Lorenzana Somoza

María Raquel Touriño Casal

